

INSTRUCCIÓN RELATIVAS AOS CRITERIOS A SEGUIR NAS VISITAS DE COMPROBACIÓN E VERIFICACIÓN ÁS ENTIDADES DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO A REALIZAR POLO PERSOAL TÉCNICO DAS XEFATURAS TERRITORIAIS

Órgano emisor: Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Versión do documento: Versión 1.0, abril de 2021.

Obxectivo: Elaboración dunha guía de instrucións normalizada e homoxénea a aplicar en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia para os efectos de verificar o cumprimento inicial e posterior dos requisitos exixidos para a acreditación e/ou inscrición dos centros de formación para o emprego e a súa alta no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego.

Alcance: As instrucións supoñen un punto de partida para a ordenación e unificación de criterios a aplicar e abranguen aquelas actuacións necesarias para a verificación inicial do cumprimento dos requisitos exixidos, así como as posteriores de comprobación que, relativas ao mantemento e adaptación dos equipos e instalacións, deberán realizarse mediante as oportunas visitas de homologación aos centros.

Normativa:

- [Lei 30/2015](#), de 9 de setembro, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral (BOE núm. 217, do 10 de setembro).
- [Decreto 106/2011](#), do 19 de maio (DOG núm. 110, do 9 de xuño), polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Orde TMS/369/2019](#) de 28 de marzo, pola que se regula o Rexistro Estatal de Entidades de Formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas.
- [Decreto 215/2020](#), do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade.

Procedemento: TR301L (Solicitud de acreditación)

Para os efectos de unificar os criterios relativos ás visitas, trámites e criterios a aplicar nos procesos de control e seguimento requiridos para verificar o cumprimento e mantemento dos requisitos exixidos para a acreditación e/ou inscrición de entidades de formación para o emprego dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓN

1. INMOBLES, ESPAZOS E INSTALACIÓNS

a) Definición de centro ou entidade de formación:

- O artigo 4.2 do Decreto 106/2011 establece que “un centro ou entidade de formación queda definido polo seu titular xurídico co seu CIF/NIF correspondente, número de rexistro, enderezo onde está localizado o centro ou as instalacións obxecto de inscrición ou acreditación e as correspondentes especialidades vinculadas”, entendéndose en consecuencia, sen prexuízo do disposto no artigo 5.1.d do Decreto 106/2011, que todas as dependencias do centro deben estar baixo a mesma dirección.

b) Espazos comúns. Superficie mínima.

- Os requisitos mínimos de espazos, instalacións e equipamentos serán os que para cada certificado de profesionalidade dispón o Real Decreto que o regula ou, para especialidades non dirixidas á obtención dun certificado, o que se estableza no correspondente programa formativo.
- En relación co disposto no artigo 5.1.d do Decreto 106/2011 sobre instalacións de dirección e coordinación, enténdese que os espazos comúns poderán localizarse nun único espazo físico sempre que se garanta a debida privacidade e confidencialidade das reunións que puidese haber entre o alumnado e o persoal docente ou de dirección da entidade.
- A superficie requirida será aquela que pola distribución de espazos e/ou a forma da superficie se desprenda que é axeitada para os fins previstos, determinándose a estes efectos como ideal a de 35 m². A aplicación deste criterio non terá efectos retroactivos sobre instalacións previamente homologadas.

En función do volume de actividades a realizar, do número de alumnado participante, da configuración do espazo etc .. poderá autorizarse, previo informe motivado do persoal técnico que realice a visita, unha superficie inferior á indicada no parágrafo anterior.

- As instalacións de dirección e coordinación localizadas en locais distintos a onde se sitúan as aulas deberán ser autorizadas, de ser o caso, por causas xustificadas e previo informe da xefatura territorial correspondente, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

c) Aula por especialidade.

En relación co parágrafo terceiro do artigo 5.3 do Decreto 106/2011, que establece que “Exirase unha aula por especialidade, salvo para aquelas especialidades que poidan impartirse cos mesmos medios”, enténdese que:

- Nunha mesma aula poderán estar inscritas e/ou acreditadas máis dunha especialidade sempre que todas elas requiran os mesmos medios para impartilas.
- Unha mesma especialidade pode estar inscrita/acreditada en varias aulas se cumpre cos requisitos en todas e cada unha delas.
- Nos talleres poderán estar inscritas e/ou acreditadas máis dunha especialidade sempre que requiran os mesmos medios e sexan de familias afíns. Ademais poderá compartirse taller sempre que haxa superficie abondo para cada especialidade e non existan problemas de contaminación acústica.

d) Accesibilidade universal

- De acordo co informado pola Comisión Técnica de Accesibilidade da Consellería de Política Social a consultas desta dirección xeral, para os efectos de verificación e comprobación do cumprimento do disposto en materia de accesibilidade universal na Lei 51/2003, de 2 de decembro (BOE núm. 289 de 3 de decembro), de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e na Lei 10/2014, de 3 de decembro (DOG núm. 241 de 17 de decembro), de accesibilidade, as entidades poderán aportar unha certificación asinada por un arquitecto ou arquitecto técnico de que o local cumpre coas condicións esixidas, ou a correspondente licencia de apertura do Concello, se esta é posterior ao ano 2010, xa que a mesma xa acredita o cumprimento das condicións de habitabilidade e uso desa actividade.

Información complementaria e detallada sobre a materia dispoñible na páxina web da consellería de Política Social: <https://politicasocial.xunta.gal/es/temas/discapacidad/accesibilidad>

2. DOCUMENTACIÓN

a) Alugueiros de inmobles e instalacións.

- A propiedade, arrendamento ou dereito de uso de inmobles, instalacións e equipamentos, talleres e/ou campos de práctica acreditarase mediante documento formalizado, legalizado e rexistrado ante o organismo competente.



b) Planos

- Os planos de distribución e situación aos que se refire o artigo 4.2 do Decreto 106/2011, deberán estar visados e incluírán as superficies das distintas dependencias, debendo existir coincidencia entre a denominación dos espazos que figuran no plano (aulas etc ..) e a denominación que se utilice para referencialos no resto da documentación a aportar.

c) Cumprimento dos requisitos hixiénicos, acústicos, de habitabilidade, seguridade e de prevención de riscos laborais.

- O cumprimento dos requisitos deste apartado, referenciados no artigo 5.1.a) do Decreto 106/2011, acreditarase preferentemente e de poder ser mediante un único certificado técnico visado por persoal autorizado e competente na materia.
- Caso de non poder acreditarse mediante un único certificado deberá xustificarse tal circunstancia. Independentemente de que o certificado sexa ou non único, este, para ser considerado válido, deberá estar visado por persoal técnico autorizado segundo a materia.
- Entre os requisitos hixiénicos e de habitabilidade a acreditar inclúense os relativos a iluminación e ventilación.

d) Acta da visita

- Deberá recollese acta da visita na que se indique a data e o horario de comezo e fin en que tivo lugar, así como o nome da persoa responsable ou representante da entidade presente durante o proceso de verificación. Esta acta deberán asinala tanto o técnico representante da Consellería como e a persoa responsable da entidade no momento de realizar a visita.

Caso de que a persoa responsable ou representante da entidade se negue a firmala deberá quedar constancia de tal circunstancia na acta.

e) Requisitos doutros órganos da Administración central ou autonómica

- De acordo co disposto no artigo 5.10 do Decreto 106/2011, no caso de especialidades formativas nas que, dada a súa actividade, teñan competencia concorrente outros órganos da Administración central o autonómica que exijan outros requisitos ou autorizacións a maiores das recollidas no antedito Decreto, no certificado de profesionalidade ou no correspondente programa formativo, será o propio centro, mediante declaración responsable, o que deba especificalo e aportar a documentación correspondente que acredite o cumprimento de ditos requisitos ou concesión de autorización con carácter previo á súa inscrición e/ou acreditación no Rexistro.

